

UNITAT DIDÀCTICA 1

1r Trimestre

Nivell mitjà

Facendo amigos



Generalitat de Catalunya
**Departament d'Educació
i Formació Professional**

La portada ha estat dissenyada utilitzant imatges de Pexels. Autoria: [Vija Rindo Pratama](#)

Programació didàctica

Curs 2: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs 2 de l'optativa de Llengua i literatura gallegues s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del 2n curs de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions**. **Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Descripció de la programació:

Els continguts d'aquesta programació formen part del 2n curs de l'“Optativa de Llengua i literatures gallegues” que conjuntament amb el Curs 1 permeten assolir el Nivell A1 del Marc europeu comú de referència per a la llengua gallega.

Curs	Trimestre	Número UD	Títol	Durada
2n	1r	1	Facendo amigos	12 horas
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Expressió oral		Presentación oral dunha persoa.		Utilitzar verbs com <i>ser, ter e levar</i>
Interacción oral		Presentación oral dunha persoa. Extracción de información dos gustos da persoa que comparte o seu correo co alumno, coa alumna. Descripción física da cabeza e do corpo das fotografías dos alumnos. "Quen é quen?"		Utilizar verbs com <i>agradar</i> . Descriure el físic utilitzant les parts del cap, de la cara i el cos.
Comprensió lectora		Comprensión de descrições físicas da cara e o corpo.		Comprendre paraules i frases senzilles.
Comprensió oral		Comprensión do texto creado por un compañeiro ou por unha compañeira da clase sobre a súa presentación persoal.		Reconèixer paraules familiars i expressions molt bàsiques
Expressió escrita		Envío dun correo electrónico ó profesor ou á profesora cunha breve información persoal túa. Nome, idade, enderezo, anos, data de nacemento, conviventes, actividades, as cores, os meses do ano, comida, bebida... Saúdo e despedida. Presente de indicativo de <i>gustar, vivir, levar, ter</i> Os números cardinais		Escriure dades personals i frases senzilles

Els instruments d'avaluació són: Llista de verificació personal i les activitats de síntesi que apareixen al final de la unitat 2.

Unidade 1: Facendo amigos

🗉 Nesta primeira unidade ides compartir a vosa presentación persoal e as vosas afeccións. Tamén faredes descrições físicas de persoas.

Expresión escrita

Actividade 1

Escrebe un correo electrónico de presentación persoal coa seguinte información. Inclúe unha fotografía persoal para facer despois unha descrición oral na clase.

- Nome e apelidos
- O meu enderezo
- Data de nacemento e anos que teño
- Nome e idades dos meus conviventes
- Gustos: actividades, as cores, os meses do ano, comida, bebida...
- Se lembras algunha cousa máis dos cursos anteriores de galego, inclúe a información.

Indicacións de como enviar un correo electrónico ao teu profesor ou a túa profesora:

- Asunto: Entre dúas e cinco palabras indicando o tema central da mensaxe: presentación
- Comezar cun saúdo:
 - “Bos días, Mónica”
 - “Ola, Xaquín”
 - “Estimado profesor/estimada profesora...”
- Explicación do contido ou corpo do correo electrónico:
 - “O motivo do meu correo electrónico é...”
- Finalizar a mensaxe:
 - “Moitas grazas.”
 - “Un saúdo.”
 - “Ata despois.”
- Sinatura

Exemplo de correo electrónico

Descrición persoal

elisaromeroscosmes8@gmail.com

Descrición persoal

O motivo do meu correo electrónico é para enviarche a actividade da presentación persoal que temos que facer para a clase de galego.

Chámome Carmiña Roás Cendán e vivo na rúa San Pedro, número 36, de Santiago de Compostela. Eu Nacín o 23 de maio do 2011 e teño 15 anos.

Vivo co meu pai, que se chama Xesús, a miña nai, que se chama Sara e o meu irmán, Miguel.

Gústame ler historietas de ficción, ir en bicicleta, pasear polas rúas de cidades que non coñezo, comer xeados de limón e laranxa e beber mosto polo verán. A cor que máis me gusta é a amarela e o mes do ano que máis me gusta é o agosto, porque é cando hai máis concertos e podo ir cos meus amigos a velos.

Carmiña Roás Cendán

CarmiñaRoás.jpg (7712 K)

↶ ↷ Sans Serif T B I U A ☰ ☲ ☳ ☴ ☵ ☶ ☷ “ ” 🔒 ✂

Enviar A 📎 🔗 😊 📐 🖼️ 🔒 ✍ ⋮ 🗑



Observacións e avaliación Anexo I

Plantilla de avaliación do correo electrónico:

Avaliación Correo electrónico

Contido	Revisión	Valoración numérica	Observacións
Asunto			
Saúdo 			
Explicación do contido			
Finalizar a mensaxe 			
Fotografía 			

Repara:

Presente de Indicativo do verbo *gustar* + pronome

A min gústame / gústanme

A ti gústache / gústanche

A él/ ela gústalle / gústanlle

A nós gústanos / gustannós

A vós gústavos / gustánvos

A eles/elas gústalles / gústanlles

Presente de indicativo do verbo *vivir*

Eu vivo

Ti vives

El/ela/vostede vive

Nós vivimos

Vós vivides

Eles/elas/vostedes viven

Números cardinais

0 cero

1 un/unha

2 dous/dúas

3 tres

4 catro

5 cinco

6 seis

7 sete

8 oito

9 nove

10 dez

11 once

12 doce

13 trece

14 catorce

15 quince

16 dezaseis

17 dezasete

18 dezaioito

19 dezanove

20 vinte

21 vinte e un/unha

22 vinte e dous/dúas

23 vinte e tres

24 vinte e catro

25 vinte e cinco

26 vinte e seis

27 vinte e sete

28 vinte e oito
29 vinte e nove
30 trinta
31 trinta e un
40 corenta
50 cincuenta
60 sesenta
70 setenta
80 oitenta
90 noventa

Se necesitas buscar vocabulario para a túa presentación lembra que podes consultar o [dicionario](#).

Comprensión oral

Actividade 1

O observador

Por parellas, un alumno/a le o contido do seu correo electrónico e o seu compañeiro ou a súa compañeira observa e anota cales son as cousas que el ou ela faría diferente ou melloraría do texto.

Escoita atentamente e anota cales son os seus gustos.

Exemplo: A miña compañeira chámase Leila e gústalle ir a praia e navegar co barco do seu irmán. O seu libro favorito é *Os ecos do lume*.

Avaliación: comprobación da corrección das anotacións por parte do creador ou da creadora do correo electrónico. Coavaliación.

Observacións e avaliación no Anexo I

Actividade 2

Escoita activa do audio 1 da Unidade 2 Curso 2

2.1 Escoita o audio e responde as seguintes preguntas de comprensión oral:

Como se chama a rapaza?

Onde vive?

Cando naceu?

Con quen vive?

Como se chaman as persoas con quen vive e cantos anos teñen?

Que lle gusta facer no verán?

2.2 Como cres que pode ser Erea físicamente?

Actividade para facer por parellas ou en grupos pequenos, respondede e comentade como credes que é físicamente Erea. Axudádevos se tedes dúbidas de vocabulario ou de estruturas gramaticais. Exemplo: Alguen pode dicir “Eu creo que Erea ten moitas pecas” e outra persoa pode corrixir e dicir. “Eu creo que se di pencas en galego”.

🗣️ Nesta primeira unidade ides aprender a presentar a alguén en público.

Expresión oral

Actividade 3

Presenta o teu compañeiro ou a túa compañeira da actividade 1 de oralidade aos teus compañeiros da clase.

🗣️ Repara

Presente de indicativo do verbo *ser*

Eu son

Ti es

É/ela/vostede é

Nós somos

Vós sodes

Eles/elas/vostedes son

Presente de indicativo do verbo *ter*

Eu teño

Ti tes

É/ela/vostede ten

Nós temos

Vós tedes

Eles/elas/vostedes teñen

Presente de indicativo do verbo *levar*

Eu levo

Ti levas

El/ela/vostede leva

Nós levamos

Vós levades

Eles/elas/vostedes levan

Interacción oral

Actividade 4

Compartide todas as vosas fotografías cos vosos compañeiros e xogade ó *Quen é quen?*

Exemplo: Podedes poñer todas as fotografías sobre unha superficie para que todos as vexades. Un de vós é o que pensa cal é a persoa que os seus compañeiros teñen que adiviñar quen é. Facede as preguntas en voz alta e excluíde as fotografías que non estean acorde coa resposta que vos dea a persoa que responde ás preguntas.

As respostas so poden ser afirmativas ou negativas: *sí* ou *non*.

É unha muller? Sí

Ten os ollos verdes? Sí

Repara

Adxectivos

O Corpo

Corpulento, grande, pequeno, pequecho

Alto/baixo

Ancho/estreito

Delgado, fraco/gordo, groso

Esvelto/gordecho

Forte, rexo, robusto/débil, feble

Partes da cara e adxectivos

Fronte: ampla, grande-pequena, ancha-estreita, avultada, engurrada-lisa

Orella: pequena, grande, rara, bonita, en punta

Ollos: negros, meniña/pupila, pestanas (longas/curtas), cellas (arqueadas, rectas, finas, grosas), pálpebra

Nariz: ancho/estreito, afiado, carnoso, chato, ganchudo, recto, torto

Boca: beizos (finos/grosos), dentes (aliñados/tortos, xuntos/separados, brancos, manchados, amarelados)

Meixela/fazula

Queixo/papo

PESCOZO/colo

Adxectivos para a cara: pencada, expresiva-inexpresiva

barbada, barbuda, con bigote/bigoteira/mostacho, afeitada, imberbe e lampa.

Cor da pel: bronceada, morena, pálida, branca

Forma da cara: alongada, ancha, estreita, cadrada, ovalada, redonda

Trazos físicos

Pelo: louro/a, moreno/a, roxo/roxa, calvo/a, longo, curto, encaracolado, liso, ondulado, solto, recollido...

Tamaño: baixo/a, alto/a, gordo/a, delgado/a, fraco/a

Cores dos ollos: azuis, verdes, marróns, amarelos, grises

Pel: branca, morena, con penchas...

Adverbios: moi, bastante, pouco...


- Anotar o vocabulario que traballedes na clase para a descrición física de persoas.

Comprensión lectora

Actividade 1

EMPARELLA, SE PODES

Relaciona as fotografías coa información que corresponda. Subliña os adxectivos empregados. Olló! Tedes que relacionar describir de maneira escrita 4 fotografías que non podedes relacionar con ningunha descrición. Por parellas ou en pequenos grupos, leredes 4 descripcións que o teu compañeiro ou a tua compañeira fixo e tédelas que relacionar coa fotografía.














É un neno de pel branca, co pelo louro, os ollos azuis e ten as meixelas rosadas.

É un home de pel escura, cellas poboadas, orellas medianas, nariz de tamaño medio, beizos estreitos e dentes brancos e aliñados. Ten o pelo curto, liso e moreno.



É un neno de pel branca, co pelo castaño e encaracolado, os ollos marróns, con forma de amêndoa.

É unha muller branca, delgada, coa cara ovalada, as cellas un pouco arqueadas. Ten o nariz recto. Os seus beizos son estreitos e leva o pelo castaño, recollido cunha coleta.





Exemplo: Ela é unha rapaza morena. Ten o pelo rizado e negro. Ten a fronte lisa



Annexo I

Expresión escrita. Actividade 1

Observacións e avaliación

Avaliación do profesor ou da profesora (Primeira actividade de avaliación)

Cando os alumnos fagan a revisión do seu texto poderán enviarlle o correo electrónico o seu profesor ou a súa profesora. Os textos serán corrixidos.

Comprensión Oral. Actividade 1

Observacións e avaliación

Este exercicio tamén pódese facer se os alumnos comparten o documento de maneira virtual e mentres un escribe o outro compañeiro ou a outra compañeira fai comentarios escritos para reflexionar sobre algúns aspectos que pode mellorar.